

# Na festa da Patria

A patria ceibe que os nazonalistas cobizamos se vai creando paseño. Millor ainda, xa está creada. O que ocorre é que por encol d'ela foi superpôndo a ruín comenenza allea, en vil xuntorio coa ceguedade e a degradación propias, toda unha serie de grosas capas. Os prexuízos, a rutina, os noxentos intreses creados, os maísanos tencionamentos alleos, i-eisí outras moitas cousas son as que, abafándoa, non-a deixando xurdir, a teñen como si non eisistira.

A laboura a faguerse é, pois, pesada, dura, traballosa. Mais hai azos, xuventude, quentura de ideal. E iso abonda. Trunfaremos. ¡Sen dúbida ningunha: o trunfo será noso! En todol-os grandes feitos tivo decote unha gran participación ista verba: Fe; e ista outra: Vountade.

A nosa tarefa, pois, cal a de todol-os creadores, ten que sere unha tarefa previa de destrucción, d'esnaguizamento. ¡Hai que crebal-as vellas táboas de valores! E isí, soio e isí, poderemos ollare algún día, que nós tencionamos faguer chegare axiña, a resurreición xúrdia da patria trunfante. I-estonces ela terá de s'erguere outiva, borrcante por riba da uesta confusión de cousas esnaquizadas, feitas poeira, en cuia destrucción ven xermolándose a gloria do seu xúrdio vencimento.

I-estonces o gran Día da Galiza, o verdadeiro día da Patria Galega ceibe e señora de sí mesma, terá chegado. E de aquela os galegos, choutando por encol da escravitude, teremos abranguido a liberdade pra escomezar a sere o que sempre debimos sere.

**Ramón Villar Ponte**